

Recordatorio de deberes legais dirixido ao Concello de Sanxenxo para que de conformidade co disposto na normativa de réxime local e de procedemento administrativo conteste expresamente o escrito presentado polo promotor deste expediente de queixa, se non o tivera feito na data en que reciba esta resolución e en xeral, no seu caso, sobre os escritos presentados pola cidadanía

E suxestión para que respectando a súa autonomía local e a capacidade organizativa, valore a conveniencia de implementar un instrumento de mediación e convivencia cidadá, que cun enfoque pedagóxico e pacífico apoie e oriente ás partes en conflito co fin de procurar unha solución áxil e eficaz que resolva a problemática da veciñanza afectada, minimizando o deterioro da calidade de vida das persoas implicadas, que se perpetúen ditas condutas no tempo e que se reduzan as súas consecuencias evitando, no seu caso, recorrer a outras instancias ao tempo que se acada unha sociedade menos litixiosa

Expediente: C.8.Q/13201/23

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2024

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de XXX, referente á falta de resposta do Concello de Sanxenxo polo incumprimento da normativa sobre ruído nocturno, vibracións e horarios dun local de ocio en Portonovo.

ANTECEDENTES

Primeiro: En data do 13/07/2023 o promotor deste expediente formulou queixa ante a Valedora do Pobo, na que se indica na súa literalidade que:

“EL DICENTE FORMALIZÓ ANTE EL CONCELLO DE SANXENXO QUEJA CONTRA UN LOCAL DE OCIO NOCTURNO (XXX, UBICADO EN PORTONOVO) POR QUEBRANTAMIENTO DE LA NORMATIVA SOBRE RUIDOS Y VIBRACIONES E INCUMPLIMIENTO DE LOS HORARIOS DE APERTURA, A FECHA 22/09/2022; SE REITERÓ DICHA QUEJA EN ESCRITO DE 05/06/2023;

NINGUNO DE LOS DOS ESCRITOS HA OBTENIDO RESPUESTA. PREVIAMENTE A LA INTERPOSICIÓN DE QUEJA, FUERON INNUMERABLES LAS LLAMADAS A LA POLICÍA LOCAL DE SANXENXO QUIENES, QUE ESTA PARTE SEPA, NO SE PERSONARON NUNCA EN EL LOCAL Y ADEMÁS NO RECOGIERON EXPEDIENTE PESE A LA PETICIÓN EXPRESA EN SENDAS LLAMADAS QUE SE ACABA DE SEÑALAR”.

SEGUNDO.- A queixa foi admitida a trámite promovendo, dende esta institución, unha investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba, requirindo o preceptivo informe ao Concello de Sanxenxo con data do 19/07/2023 (R.S. 12972/23).

TERCEIRO.- Con data do 28/11/2023 (R.E. 24236/23), recíbese nesta institución un informe remitido polo ente local no que se fai constar literalmente o seguinte:

“ASUNTO: CONTESTACIÓN ESCRITO

SOLICITANTE: VALEDORA DO POBO

S/EXPTE.: C.8Q/13201/23

Visto o escrito que ten entrada no rexistro electrónico do Concello de Sanxenxo o 20 de xullo de 2023 (núm. 2023-E-RC-6728), no que pola Valedora do Pobo se solicita información, sobre a queixa contra un local de ocio nocturno formulada por D. XXX.

O establecemento referido denominado “XXX”, sito na rúa XXX de Portonovo, parroquia de XXX (Sanxenxo), conta con licenza municipal para o desenvolvemento da actividade de PUB, sendo o último cambio de titularidade de dita licenza con efectos do 05 de maio de 2016, en favor da mercantil XXX, S. L.

Solicitado información sobre actuacións en dito local á Policía Local do Concello de Sanxenxo, nos trasladan as dúas únicas actas de denuncia a local de ocio nocturno por infracción de horario. Unha foi no ano 2022 e outra no ano 2023. Ditas denuncias deron lugar a sendos expedientes sancionadores.

Non constan mais actuacións, polo que parece que non é un establecemento problemático.”

Con data do 04/12/2023 (R.S. 21047/23) solicítase informe complementario ao Concello de Sanxenxo, que houbo de ser requirido e se recibe en data 09/02/2024 (R.E. 1541/24) co seguinte contido:

“Visto o escrito que ten entrada no rexistro electrónico do Concello de Sanxenxo o 01 de febreiro de 2024 (nº 2023-E-RC-1027), no que pola Valedora do Pobo se solicita novamente información, sobre a queixa contra un local de ocio nocturno formulada por D. XXX, o asesor xurídico que subscribe ven a emitir o seguinte INFORME:

Procede reiterar o manifestado en oficio do 28 de novembro de 2023.

O establecemento referido denominado “XXX”, sito na rúa XXX de Portonovo, parroquia de XXX (Sanxenxo), conta con licenza municipal para o desenvolvemento da actividade de PUB, sendo o último cambio de titularidade de dita licenza con efectos do 05 de maio de 2016, en favor da mercantil XXX.

Solicitado información sobre actuacións en dito local á Policía Local do Concello de Sanxenxo, nos trasladan as dúas únicas actas de denuncia a local de ocio nocturno por infracción de horario. Unha foi no ano 2022 e outra no ano 2023.

Ditas denuncias deron lugar a sendos expedientes sancionadores.

Non constan mais actuacións, polo que parece que non é un establecemento problemático. De feito non é un establecemento que reiteradamente incumpra a normativa, pois os expedientes sancionadores son de xeito puntual.

Quen subscribe, pon de manifesto que, necesariamente quen denuncia non necesariamente se atopa en posesión da razón. Habitualmente, danse casos de denuncias cruzadas, por rifas entre os denunciante.”

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

Primeira: O promotor deste expediente quíxase de que en data do 22/09/2022 dirixira escrito ante ese Concello de Sanxenxo, e ao non recibir resposta algunha malia o tempo

transcorrido reiterouna o 05/06/2023, sen obter tampouco resposta, polo que o 13 de xullo do 2023 solicita a intervención da Valedora do Pobo.

Non foi ata o 28/11/2023 que o concello remite o preceptivo informe, que unha vez valorado motivou a solicitude dun informe complementario a fin de clarexar certos extremos. Este informe tamén houbo de ser requirido.

Segunda: O artigo 103 da *Constitución Española* sinala que *a Administración Pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á lei e ao dereito.* Así, o marco xurídico vixente configura un sistema de garantías da cidadanía na súa relación coa Administración que descansa sobre mecanismos de participación, cuxa finalidade responde a facer compatible a actuación eficaz da Administración co exercicio destes dereitos.

O artigo 53 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas* regula os *“Dereitos da persoa interesada no procedemento administrativo”*, entre eles: *a) A coñecer, en calquera momento, o estado da tramitación dos procedementos nos que teñan a condición de interesados (...).*

En calquera caso a Administración está obrigada a responder á cidadanía que acude a ela debendo ofrecerlle unha resposta por escrito que ademais sexa unha repostada directa, rápida, exacta e legal, fundada en tempo e forma adecuada ao procedemento que corresponda e congruente coas pretensións expresadas, todo elo con prontitude e sen demoras inxustificadas.

Terceira: Segundo consta no informe remitido polo Concello de Sanxenxo podería haber un conflito de convivencia: *“...Quen subscribe, pon de manifesto que, necesariamente quen denuncia non necesariamente se atopa en posesión da razón. Habitualmente, danse casos de denuncias cruzadas, por rifas entre os denunciantes..”*

Ante este tipo de situacións e comportamentos, primeiramente consideraríase axeitado enfocar a súa abordaxe de xeito pacífico e pedagóxico, brindando apoio ás partes implicadas, facilitando a comunicación cara a definir o problema, concretar solucións e restaurar dalgún xeito un nivel de convivencia social aceptable.

Cuarta: Cómpre partir da consideración de que a convivencia na comunidade implica a aceptación e o cumprimento das normas sociais que fan posible o exercicio dos dereitos individuais das persoas ao tempo que se fan compatibles co exercicio dos dereitos dos demais.

Quinta: Por elo e coa finalidade de superar as situacións de conflito xurdido entre o promotor deste expediente de queixa e os titulares da actividade económica que se desenvolve nese local, un instrumento que podería incardinar orientación e apoio, auxiliando ás partes a fin de xestionar tanto o aspecto relacional como o asunto obxecto da denuncia sería a creación dunha oficina de convivencia cidadá ou calquera tipo de recurso público, que ese concello considerase acaído a tal fin.

A finalidade dun instrumento desta natureza, cuxa razón de ser inicial é a de converterse nun recurso ao servizo dos Axentes da Autoridade, facilitaría a comunicación entre as persoas interesadas e constituiría unha fórmula rápida, sinxela e eficaz onde se ofrecería ás partes un tempo e un espazo para atopar algunha solución que resolva a problemática de xeito que non se perpetúe no tempo con eventuais consecuencias impredecibles.

Sexta: A *"Ley 7/1985, de 2 de abril Reguladora de las Bases de Régimen Local"* no seu artigo 25 di :*"El Municipio, para la gestión de sus intereses y en el ámbito de sus competencias, puede promover actividades y prestar los servicios públicos que contribuyan a satisfacer las necesidades y aspiraciones de la comunidad vecinal en los términos previstos en este artículo."*

Compre invocar así mesmo o *Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales*, nomeadamente os artigos 1, 4 e 5.

A Lei 5/1997, de 22 de xullo da Administración Local de Galicia, no seu artigo 80 prevé: "O municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar tódolos servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños."

Toda vez que os entes locais para regular determinadas condutas da cidadanía ou para organizar os seus propios servizos poden ditar disposicións de carácter xeral, como serían as ordenanzas e dita potestade normativa local é unha manifestación da súa autonomía local, vaise formular unha resolución co obxectivo de que problemáticas como a exposta nesta queixa e outras similares das que temos coñecemento nesta institución polas queixas ou consultas que se formulan, atopen unha vía de solución, que evite a xudicialización do conflito.

Todo elo dende a consideración por unha banda, de que a potestade de autoorganización e reglamentaria municipal constitúe un instrumento clave para encauzar as regras de xogo da convivencia cidadá satisfacendo as necesidades e aspiracións das comunidades veciñais e doutra, do respecto desta institución á autonomía municipal para a xestión dos seus intereses, acuñada pola Constitución no seu artigo 137 e pola Carta Europea de Autonomía Local en relación co artigo 140 da CE.

CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Sanxenxo o seguinte **recordatorio de deberes legais**:

“Recordámoslle que de conformidade co disposto na normativa de réxime local e de procedemento administrativo o Concello de Sanxenxo debe contestar expresamente o escrito presentado polo promotor deste expediente de queixa, se non o tivera feito na data en que reciba esta resolución e en xeral, no seu caso, sobre os escritos presentados pola cidadanía”.

E a seguinte **suxestión**:

“Que respectando a súa autonomía local e a capacidade organizativa, valore a conveniencia de implementar un instrumento de mediación e convivencia cidadá, que cun enfoque pedagóxico e pacífico apoie e oriente ás partes en conflito co fin de procurar unha solución áxil e eficaz que resolva a problemática da veciñanza afectada, minimizando o deterioro da calidade de vida das persoas implicadas, que se perpetúen ditas condutas no tempo e que se reduzan as súas consecuencias evitando, no seu caso, recorrer a outras instancias ao tempo que se acada unha sociedade menos litixiosa.”

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.



O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo